

# Un país desde as táboas

125 anos de teatro galego

**Breve guía para a mostra**

DOCUMENTO DISTRIBUIDO E CREADO POR  
CULTURAGALEGA.ORG | CONSELLO DA CULTURA GALEGA

## **Itinerancia da mostra**

A Coruña - Ata o 15 de agosto  
Cee - 19 a 26 de agosto  
Carballiño - 3 a 16 de setembro  
Vigo 18 a 30 de setembro  
O Barco 2 a 10 de outubro  
Carballo 11 a 21 de outubro  
Compostela 23 de outubro a 11 de novembro  
Lugo 13 a 25 de novembro  
Pontevedra 27 de novembro a 9 de decembro  
Narón 11 a 23 de decembro

A celebración teatral estivo presente desde antigo en moitos dos momentos importantes do noso calendario festivo, tanto profano como relixioso.

Porén, o 13 de agosto de 1882 viviuse unha importante novidade: o modesto palco do Liceo Brigantino da Coruña acollía a primeira representación dunha peza con soporte literario e clara vocación artística, concibida desde uns presupostos diferentes dos que caracterizaban as manifestacións dramáticas populares. *A fonte do xuramento*, de Francisco María de la Iglesia, convertíase así no «Primeiro drama en dialecto gallego» e desde ese momento sería considerado o título inaugural da nosa literatura dramática.

A partir de entón, o labor dos palcos estivo directamente vinculado á construción da conciencia nacional e cada vez que alcanzou a conectar co sentir popular o teatro de noso constituíuse nun elemento definidor da colectividade.

A exposición *Un país desde as táboas* proponnos unha viaxe pola fascinante aventura de constitución dun teatro nacional a través dos grandes períodos que foi atravesando a actividade dramática galega desde o seu nacemento até os nosos días.

O primeiro dos seis espazos en que se articula o percorrido conságrase á parateatralidade e o teatro popular. A continuación sucédense outros cinco apartados dedicados ao nacemento da nosa dramaturxia, as tentativas modernizadoras das primeiras décadas do século XX, a devastación fascista, o movemento refundacional dos anos sesenta e setenta e un repaso polas últimas décadas até chegarmos ao panorama actual.

O itinerario complétase cun audiovisual que recolle documentos de especial transcendencia da nosa historia dramática. Rescatados dos arquivos ou cedidos expresamente polos propios protagonistas, algúns destes testemuños do devir escénico do noso país ven a luz por primeira vez nesta exposición.

Carlos C. Biscaíño  
Comisario



## ESPAZO 1

### Teatro popular.

Manifestacións parateatrais e celebracións dramáticas sen soporte literario nin vontade de perdurar no tempo.



## ESPAZO 2

### O teatro como arte.

Momento inaugural da nosa dramaturxia.  
A fonte do xuramento. Eduardo Sánchez Miño e a Escola Rexional de Declamación. O teatro de Lugrís Freire.



## ESPAZO 3

### Tentativas modernizadoras.

Vontade de achegar o teatro galego a todas as camadas sociais.  
O Conservatorio Nacional de Arte Galega.  
A vía simbolista de Risco e a proposta expresionista de Castelao.



#### ESPAZO 4

A devastación fascista.  
 O silenciamento da escena do país.  
 O teatro de Cunqueiro.  
 Tentativas de continuidade no exilio: Luís Seoane e Blanco Amor.  
 O Teatro de Cámara DITEA.



#### ESPAZO 5

O teatro refundacional.  
 O asociacionismo de contestación antifranquista e a incorporación da conciencia nacional.  
 Os grupos de teatro independente.  
 As Mostras e o Concurso de Ribadavia.  
 O camiño da profesionalización.



## ESPAZO 6

### O panorama actual.

Planificación institucional. A creación do Centro Dramático Galego.

Edición de textos teatrais. Os dramaturgos.

O teatro de bonecos.

O ensino teatral.



### Itinerario de pegadas cronolóxicas.

Itinerario conformado polas datas máis significativas da nosa historia dramática.

Espazo audiovisual

«*Un país desde as táboas*»

<b>Parateatralidade</b> Entremés de Vilaverde	1'20"
<b>Estrea d'<i>Os vellos non deben de namorarse</i></b> Fernando Iglesias «Tacholas» Alfonso R. Castelao	4'14"
<b>A <i>lagarada</i></b> CDG <i>A lagarada</i> (1992)	1'11"
<b>Seoane e o teatro</b> TVG <i>Letras Galegas 1994</i>	2'45"
<b>O teatro segundo Cunqueiro</b> Entrevista a Álvaro Cunqueiro	1'22"
<b>A lingua regresa aos palcos do país</b> DITEA	1'19"
<b>O novo teatro</b> Teatro Circo <i>Macbeth</i> (1975) Teatro Circo <i>Os vellos non deben de namorarse</i> (1977)	3'24"
<b>A Mostra e o Concurso de Ribadavia</b> Mostra de 1979 Debates	2'06"
<b>A querela con Blanco Amor</b> Entrevista a Blanco Amor	1'33"
<b>A atención aos máis novos</b> Antroido <i>Xáxara, Peituda, Paniogas...</i> (1979)	1'13"
<b>A polémica das traducións nos 70</b> <i>A Farándula A corte miragreira</i> (1979) Entrevista a Yayo H. Rúas <i>Artello Pic-Nic</i> (1979)	1'06"
<b>Profesionalización</b> <i>Andrómena Lenta raigame</i> (1979)	1'15"
<b>Achegádomonos ao panorama actual</b> TVG <i>A trabe de ouro 39</i> (1987)	3'54"

<b>Centro Dramático Galego</b>	<b>2'11"</b>
CDG <i>Woyzeck</i> (1984)	
CDG <i>Agasallo de sombras</i> (1984)	
CDG <i>Xelmírez ou a gloria de Compostela</i> (1999)	
<b>Feira do Teatro</b>	<b>0'55"</b>
TVG <i>Etcétera</i> 34 (1991)	
<b>Premios teatrais</b>	<b>6'57"</b>
TVG <i>Etcétera</i> 131 (1994)	
TVG <i>Premios María Casares</i> (1998)	
<b>Salas independentes</b>	<b>1'09"</b>
Sala NASA <i>Ultranoite</i>	
<b>Teatro de bonecos</b>	<b>2'02"</b>
CDG <i>O Mariscal</i> (1994)	